



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**C.E.I.P. PLURILINGÜE DE ATIOS**

Covelo, s/n. - C.P. 36418 – Tlfnos.886110483/84fax.886110485

e.mail: [ceip.atios@edu.xunta.es](mailto:ceip.atios@edu.xunta.es)

[www.edu.xunta.es/centros/ceipdeatios](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdeatios)

# PLAN DE CONTINXENCIA COVID-19

CEIP PLURILINGÜE DE ATIOS

CURSO 2021/22

## **INTRODUCCIÓN:**

Plan de Continxencia do CEIP Plurilingüe de Atios ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nunha aula, etapa educativa ou no centro. Así como a realización da actividade lectiva en caso de confinamento.

Dende o centro educativo estableceremos as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia.

### **Para garantir esta continuidade dende o centro:**

1. Establecerase unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflicta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*

2. Estanse a realizar periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.

3. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.

4. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento

5. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc..

### **O mesmo día do peche:**

a. a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.

b. o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.

A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:

a. O mesmo día da corentena ou do peche os equipo directivo afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro.

d. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material. .

e. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche, no prazo máximo de 3 días deberanse entregar todos os equipos cedidos.

f. Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias.

### **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓD UN ABROCHO:**

1.- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2.- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual e contactarase coa familia.

3.- Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que

inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4.- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

5.- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6.- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiránse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7.- A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8.- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9.- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10.- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2

para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

### **ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:**

1.- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual as aulas virtuais de toda primaria estarán en funcionamento antes do 30 de Setembro. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente @ profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

2.- O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

3.- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

4.- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.
- Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

### **HORARIOS DE ENSINO VIRTUAL:**

- **Para os cursos 3º-4º-5º e 6º Educación Primaria:**

No caso de que se suspendan as clases presenciais en todo o centro educativo, o horario de ensino virtual terá como prioridade a interacción co titor de cada grupo e as áreas instrumentais. Adicando cada día tres sesións de conexión cos alumn@s de 50 minutos nas áreas de lingua castelá, lingua galega, matemáticas, ciencias naturais, ciencias sociais e lingua estranxeira (Inglés), cubrindo así o 60% do horario e o outro 40% será a través de traballo dos mestres especialistas que enviarán aos alumn@s polo aula virtual.

No caso de confinamento dun aula de 3º, 4º, 5º ou 6º de Educación Primaria o horario que se levará a cabo cos alumn@s desa aula será o que está establecido no DOC do centro, coas mesmas sesións e as mesma áreas alí establecidas e que é o mesmo que se está

impartindo na aula no ensino presencial. Estas conexións serán realizadas por videoconferencia na canle oficial establecida e terán unha duración de 30 minutos, quedando o resto da sesión para que os alumn@s realicen o traballo individual establecido polo mestre/a.

Se estiveran confinados tod@s @s mestres/as que imparten docencia nesa aula levaranse a cabo os horarios especiais de confinamento de todo o centro educativo.

### 3º EDUCACIÓN PRIMARIA (Estrella López López)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª Sesión	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
2ª Sesión	Sociais	Inglés	Naturais	Inglés	Sociais
3ª Sesión	Lengua	Lingua	Lengua	Lingua	Lengua

### 4ºA EDUCACIÓN PRIMARIA (Carlos Currás Cid)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª Sesión	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
2ª Sesión	Inglés	Sociais	Inglés	Naturais	Sociais
3ª Sesión	Lengua	Lingua	Lengua	Lingua	Lengua

### 4ºB EDUCACIÓN PRIMARIA (Carlos Currás Cid)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª Sesión	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
2ª Sesión	Inglés	Sociais	Inglés	Naturais	Sociais
3ª Sesión	Lengua	Lingua	Lengua	Lingua	Lengua

### 5º EDUCACIÓN PRIMARIA (Mª de los Ángeles Barreiro Sabajanes)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª Sesión	Matemáticas	Lingua	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
2ª Sesión	Lengua	Sociais	Lengua	Naturais	Lingua
3ª Sesión	Inglés	Matemáticas	Inglés	Lengua	Sociais

### 6ºA EDUCACIÓN PRIMARIA (Estela Rodríguez Carvalho)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª Sesión	Lengua	Lingua	Lengua	Lingua	Lengua
2ª Sesión	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
3ª Sesión	Sociais	Inglés	Naturais	Sociais	Inglés

## 6ºB EDUCACIÓN PRIMARIA (Lucas Vaquero Díaz)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª Sesión	Matemáticas	Inglés	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
2ª Sesión	Lengua	Lingua	Lengua	Lingua	Inglés
3ª Sesión	Sociais	Matemáticas	Sociais	Naturais	Lengua

LINGUA EXTRANXEIRA (Inglés): Ana Hompanera Rodríguez

MATEMÁTICAS 6º: Carolina González Costas

LENGUA CASTELLANA 6ºA: Carlos Currás Cid

LENGUA GALLEGA 6ºA: Mª de los Ángeles Barreiro Sabajanes

LINGUA CASTELLANA 6ºB: Inmaculada Gil Fernández

### HORARIO DAS SESIÓNS

1ª Sesión: 09:30h.- 10:20h.

2ª Sesión: 10:20h. – 11:10h.

3ª Sesión: 11:10h. – 12:00h.

### MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

- Fase 1 (adecuación dos espazos)

✓ Duración:

- Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

✓ Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis dun metro entre eles.



- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realice de forma graduada.
  - Fase 2 (Formación de pequenos grupos)
    - ✓ Duración: 1 semana.
      - A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.
        - ✓ Obxectivos:
          - Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
          - Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
          - Utilización de espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro .
          - Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
          - Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-COV.2
    - Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)
      - ✓ Duración: 1 semana.
        - A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuará formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo mais numeroso.
          - ✓ Obxectivos.
            - Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
            - Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos/as.
      - Fase 4 (Fase de reactivación).
        - ✓ Duración: 1 semana.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



## C.E.I.P. PLURILINGÜE DE ATIOS

Covelo, s/n. - C.P. 36418 – Tlfnos.886110483/84fax.886110485

e.mail: [ceip.atios@edu.xunta.es](mailto:ceip.atios@edu.xunta.es)

[www.edu.xunta.es/centros/ceipdeatios](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdeatios)

- A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física.
- Nesta fase xa todos os/as alumnos coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.
- ✓ Obxectivos.
- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado.